

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI20T	CON/66/2014	16-10-15 14:20

Número 27 .- Adjudicación do contrato de Repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 16 de outubro de 2015, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 27 .- ÁDXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REPAVIMENTACIÓN DA AVDA. DE VILAGARCÍA ENTRE ROSALÍA DE CASTRO E ROMERO DONALLO (OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS).

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, de data 5 de outubro de 2015, que é do seguinte teor literal:

"**Jorge Carlos Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACION PARA TODOS OS CONCELLOS)", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 13 de maio de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador EMERGIS CONSTRUCCION S.L.

Segundo: Con data 18 de setembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
Documento CMGZI20T	Expediente CON/66/2014	Fecha 16-10-15 14:20

suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado na correspondente mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas:

- ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA SL e SAINDRÉS DE TRASDEZA S.L por non respostar ó requirimento de subsanación de deficiencias observadas na súa documentación administrativa, non acreditando atoparse ó día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, ademáis da necesaria solvencia no caso da segunda delas.
- DESMACO, CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA e LANCER, por non xustificar debidamente o carácter desproporcionado ou temerario das baixas aplicadas.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EMERGIS CONSTRUCCION SL**, por un importe de **330.471,47 euros** (IVE aparte 21%: 69.399,01 euros), ó ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Nomear como responsable do contrato a D. Enrique Seoane Prado, arquitecto do departamento municipal de proxectos e obras.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15320 61900**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 150.000,00 euros.
Anualidade 2016: 249.870,48 euros."

Pola señora Interventora se manifesta verbalmente que considera correcta a proposta de adxudicación e por iso se emiten os correspondentes documentos contables que obran no expediente.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI20T	<i>Expediente</i> CON/66/2014	<i>Fecha</i> 16-10-15 14:20

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas:

- ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA SL e SAINDRÉS DE TRASDEZA S.L por non responder ao requerimento de subsanación de deficiencias observadas na súa documentación administrativa, non acreditando atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, ademais da necesaria solvencia no caso da segunda delas.
- DESMACO, CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA e LANCER, por non xustificar debidamente o carácter desproporcionado ou temerario das baixas aplicadas.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EMERGIS CONSTRUCCION SL**, por un importe de **330.471,47 euros** (IVE aparte 21%: 69.399,01 euros), por ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Nomear como responsable do contrato a D. Enrique Seoane Prado, arquitecto do departamento municipal de proxectos e obras.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15320 61900**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2015: 150.000,00 euros.

Anualidade 2016: 249.870,48 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

